



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urgente Motivo: «Aprobación do inventario de caminos municipais que é un expediente urgente quen non pode esperar ao Pleno ordinario de xaneiro»
<b>Data</b>	27 de decembro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 13:20 ata as 13:45 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Regina Polín Rodríguez
<b>Secretario</b>	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
76580439F	Daniel Díaz Méndez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ	SÍ
33621263R	Jesús Veres Vázquez	SÍ
35105471L	Jordi Blengua Penedo	SÍ
76576132R	José Manuel Saa Devesa	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

76571390C	Pedro Pérez Fanego	Sí
33803021J	Regina Polín Rodríguez	Sí
33826774F	Xosé Lois González Souto	Sí
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	Sí

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Ratificación da urxencia da convocatoria

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Sra. Alcaldesa xustifica a urxencia da convocatoria na necesidade de aprobar este ano o inventario de camiños.

Sometida a votación a urxencia da convocatoria é aprobada por 12 votos a favor dos grupos PSOE, PP, Independente-CG e concelleiro non adscrito, e 1 voto en contra do grupo BNG.

#### Aprobación definitiva do inventario municipal de vías e camiños. Expte: 1350/2018.

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Ordinaria  
A favor: 8, En  
contra: 5,  
Abstencións:  
0, Ausentes: 0

#### Aprobación definitiva do inventario municipal de vías e camiños. Expte: 1350/2018.

Por decreto de alcaldía nº 605-2017 de 13/12/2017 seleccionouse á empresa Proyestegal S.L., como autora da proposta máis vantaxosa para a Corporación no contrato de "Servizo de Asistencia para a Formación do Inventario de Vías e Camiños do Concello de Guitiriz" e por resolución da Alcaldía nº 2017-637 de data

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

22/12/2017 acordouse adxudicar a empresa Proyestegal S.L. con CIF B-27159730, e domicilio social na Rúa Pena do Rei 3 entlo, 27002-Lugo , o contrato de "Servizo de Asistencia para a Formación do Inventario de Vías e Camiños do Concello de Guitiriz" conforme ao establecido no prego reguladores da contratación, por un importe de 24.500,00 € máis IVE de 5.145,00 € (prezo total 29.645,00 €), formalizándose o contrato administrativo o día 27/12/2017.

Vista a documentación do inventario de vías e camiños presentada inicialmente pola empresa Proyestegal, S.L. en data 6/11/2018, RE nº 4282.

Vista a Providencia de alcaldía de data 8/11/2018 de incoación de expediente do seguinte tenor literal:

*"PRIMEIRO. Incoar expediente de aprobación do inventario de vías e camiños de acordo coa documentación presentada pola empresa Proyestegal, S.L. en data 6/11/2018, por tramitación de urxencia de conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do forma que os prazos se reducen á metade. A urxencia na tramitación do expediente xustifícase por motivos de interese público, derivados da necesidade de ter finalizados e facturados os traballos de confección do inventario dentro do ano 2018 por motivos orzamentarios. O inventario definitivo non poderá presentarse pola empresa redactora ata que sexa aprobado inicialmente polo Pleno e sometido a información pública, contestando as alegacións ou suxerencias que se presenten.*

*SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e polo técnico de medio ambiente do servizo de infraestruturas se emita informe técnico sobre a documentación inicial presentada conforme ao sinalado nos pregos da contratación de referencia (Expte 1650/2017), no prazo máximo de 5 días de condormidade co disposto nos artigos 80.2 e 33 da Lei 39/2015."*

Visto o informe xurídico de secretaría e o informe do técnico de medio ambiente de data 8/11/2018.

Visto o acordo plenario de data 16/11/2018 de aprobación inicial do inventario de camiños do seguinte tenero literal, que foi publicado no BOP de Lugo de data 17/11/2018:

*"PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o inventario de vías e camiños municipais presentado pola empresa Proyestegal, S.L. en data 6/11/2018, que se adxunta en formato dixital.*

*SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública durante un periodo de vinte días hábiles para que calquera persona física ou xurídica poida examinar o expediente e formular as reclamacións ou suxerencias que estime pertinentes, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal."*

Vistas as alegacións presentadas no periodo de exposición pública do expediente, e o informe da empresa Proyestegal de data 27/12/2018, RE nº 4994/2018, de

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

contestación as alegacións presentadas, e o inventario definitivo de camiños modificado coas alegacións estimadas.

Considerando o disposto na seguinte normativa de aplicación:

- Os artigos 17 a 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL en adiante).
- O artigo 86 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril (TRRL en adiante).
- Os artigos 32 a 35 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP en adiante).
- Os artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPA en adiante).
- O artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- O artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL en adiante).

Conforme ás previsións contidas no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 86 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

Propoño ao Pleno da Corporación, logo do ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Contestar as alegacións presentadas contra a aprobación inicial do inventario municipal de camiños de acordo co informe da empresa Proyestegal no seguinte sentido:

### 1.1. Alegacións estimadas que incorpóranse ao documento definitivo:

DATA	RE	NOME E APELIDOS
17/12/2018	4859	Juan Carlos Díaz Méndez
17/12/2018	4858	Santiago Roberto Arias Porto
17/12/2018	4857	Santiago Roberto Arias Porto
17/12/2018	4856	María Montserrat López Iglesias
17/12/2018	4855	Celestino Carlos Barral Arena
17/12/2018	4854	Luis Silvosa Cebreiro
17/12/2018	4852	Antonio Lobeiras Fernández
17/12/2018	4851	Celestino Carlos Barral Arena
17/12/2018	4849	Óscar Lameiro Souto
17/12/2018	4848	Óscar Lameiro Souto
17/12/2018	4846	Óscar Lameiro Souto
17/12/2018	4844	Domingo Vidal Sánchez

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

17/12/2018	4843	Domingo Vidal Sánchez
17/12/2018	234	Concello de Guitiriz
14/12/2018	4840	Perfecto Filgueiras Paz
14/12/2018	4839	Perfecto Filgueiras Paz
14/12/2018	4838	Perfecto Filgueiras Paz
14/12/2018	4837	Rubén Paz Paz
14/12/2018	4836	Víctor M. Santamariña Pérez
14/12/2018	4835	Manuel García García
14/12/2018	4834	Juan José Vidal Sánchez
14/12/2018	4833	Domingo Vidal Sánchez
14/12/2018	4829	Josefa Paz Tomé
14/12/2018	4828	Josefa Pereira de Rosende
14/12/2018	4817	Francisco Villares Jove
13/12/2018	4799	Jesús García Fanego
13/12/2018	4797	María Concepción Pereira Carreira
12/12/2018	4778	Marcial Lobeiras Bañobre
12/12/2018	4777	Marta María Fojo Canosa
12/12/2018	4767	Eva Rodríguez Rodríguez
04/12/2018	4679	Ángeles Comba Tejido
04/12/2018	4678	María Pilar Castro Prado
30/11/2018	4645	Ministerio de Hacienda
29/11/2018	4614	Felipe Pena Montero
28/11/2018	4598	María Carmen Bergantiños Sánchez
28/11/2018	4597	María Carmen Bergantiños Sánchez
27/11/2018	4568	Servando Cabado Barral
27/11/2018	4567	Servando Cabado Barral
27/11/2018	4566	Pedro Ansede Comba
27/11/2018	4564	Pedro Ansede Comba
26/11/2018	4536	Ángel Manuel Andón Rebolo
26/11/2018	4535	Ángel Manuel Andón Rebolo
26/11/2018	4534	Ángel Manuel Andón Rebolo
26/11/2018	4533	Ángel Manuel Andón Rebolo
26/11/2018	4547	Jesús Veres Vázquez
26/11/2018	4545	Jesús Veres Vázquez
26/11/2018	4544	Jesús Veres Vázquez
23/11/2018	4520	Ángel Miraz Pereira

1.2. Alegacións desestimadas: Ningunha.

1.3. Alegacións que non se estiman nin desestiman por requirir dun estudo.

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz


pormenorizado (expediente de investigación):

DATA	RE	NOME E APELIDOS
17/12/2018	4853	Serafín José Pereira Díaz
17/12/2018	4850	Óscar Lameiro Souto
17/12/2018	4847	Óscar Lameiro Souto
13/12/2018	4798	José Ángel Prieto Paz
11/12/2018	4749	María Belen Carballeria Pereira
11/12/2018	4744	Albino Fernández Pereira
11/12/2018	4743	Albino Fernández Pereira
10/12/2018	4735	Vícto Manuel Pérez Martínez
10/12/2018	4734	María Soledad Teijido Monterroso
10/12/2018	4733	José Celso Freire Rodríguez
10/12/2018	4732	José Celso Freire Rodríguez
10/12/2018	4731	José Celso Freire Rodríguez
10/12/2018	4730	José Celso Freire Rodríguez
10/12/2018	4729	José Celso Freire Rodríguez
10/12/2018	4728	José Celso Freire Rodríguez
07/12/2018	4707	Purificación López Gil
05/12/2018	4704	Daniel García Picazo
03/12/2018	4650	Bernardo Rodríguez Paz
29/11/2018	4616	Jesús María Gayoso Vázquez

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o inventario de vías e camiños municipais presentado pola empresa Proyestegal, S.L. en data 27/12/2018 que se adxunta en formato dixital, que inclúe as modificacións realizadas polas alegacións que son estimadas, e que deixa fora do documento os camiños alegados que pola súa complexidade requiren dun estudo pormenorizado (expediente de investigación).

TERCEIRO.- Publicar o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal e remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Proceder á inscrición dos camiños municipais no rexistro da propiedade de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria. A tal efecto será suficiente certificación que, con relación ao inventario aprobado pola respectiva Corporación, expida o secretario, co visto e prace da Presidencia da Corporación. De conformidade coa lexislación do catastro inmobiliario deberán inscribirse no mesmo os camiños municipais ou partes do mesmo que non figuren en catastro, e dar de baixa os que non se consideren municipais, comunicando ao Catastro as modificacións que sexan necesarias.

 rto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que conste en acta a aclaración de a aprobación do inventario de camiños é dos núcleos rurais e non no núcleo urbano do

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

Concello. Di que é un atropello que se veña a votar e nada máis , e que vai esperar á segunda quenda.

O concelleiro non adscrito di que é moi gratificante para o noso grupo que chegase a bo fin unha proposta que levamos como moción ao pleno para a confección dun inventario de bens, dereitos e accións que se aprobou por unanimidade no pleno para a confección no Pleno do 26 de novembro de 2015 e que o expuxo e defendeu o meu compañeiro e naquel entón portavoz do noso grupo Ana Broz.

O voceiro do grupo BNG di que está claro Sra. Alcaldesa que non acertou ou non quixo acertar cos criterios de contratación da empresa "Proyestegal" refírome evidentemente a como está redactado todo o traballo que se fixo do inventario de camiños. Vostede saberá. Repasando as alegacións vemos que vostede Sra. Alcaldesa fixo unha que está pendente de resolver, e increíble que vostede faga unha alegación sobre un camiño privado no que vostede non ten nada que ver. Hai anos fixéronse as cousas mal, algo que non se tiña que haber feito e agora volve a insistir e en algo que non ten pes nin cabeza. O camiño para a casa Bueiro, é un camiño privado, é o aceso a casa, a única casa que hai e tamén as fincas propiedade da mesma persoa, non estamos a falar nin tan sequera de unha servidume para propiedades de varios veciños. Vese claramente que é privado como lle dixeron os técnicos de Proyestegal a esta persoa, e como así o demostran as escrituras das súas fincas. Non entendemos o porque da súa alegación, hai anos fixéronse as cousas mal, pero agora estamos a tempo de arranxalas. Agora reclama que ten que ser pública sabendo que por esa pista so hai aceso para esa casa de Bueiro ou para as súas fincas, non hai ningún propietario mais de ningunha finca, son todas da mesma propietaria. O Sr. Secretario lémbra-nos a prevaecía do Rexistro da Propiedade sobre o Inventario de camiños, hai unha sentenza do Tribunal Supremo que considera que o inventario é un mero rexistro administrativo que por si só nin proba, nin crea, nin constitúe dereito algún a favor do Concello, sendo máis ben un libro que serve, respecto dos seus bens, de recordatorio constante para que a Corporación exercite oportunamente as facultades que lle corresponden. Non ten, por tanto, a mesma eficacia que o Rexistro da Propiedade, onde se recollen os lindes e escrituras dos propietarios das fincas, neste caso son da mesma persoa, vese claramente que todo é privado. Entendemos que vai quedar aberto o documento do inventario de camiños municipal e que se irá completando cando se resolvan algunhas alegacións na xustiza e se vaian rematando os deslindes dos montes comunais.

O voceiro do grupo Independente-CG di que se queren pode ausentarse e que se consideran que algún camiño non é público que voten en contra.

A Sra. Alcaldesa sinala que ese camiño asfaltouse e se era privado non podía asfaltarse, e que camiño hai dende ese acceso ata Santa Cruz. Di que os particulares quixeron que se asfaltase, e que poderá haber así outros. A empresa fixo un bo traballo de campo e falou coa xente, e cumpriu o prazo dun ano. Agora queda ben e pode ir mellorándose, todo é mellorable, pero necesitamos un inventario de camiños.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que sempre faise todo con presas, e pide que conste en acta que a estrada dos Vilares sae pola rúa da Deputación en vez de pola rúa Mercado, que conste en acta que é unha cacicada máis do equipo de goberno e que o PP non está de acordo. Di que facer así as cousas é un atropello e que hai que facer as cousas con transparencia.

O voceiro do grupo BNG di que a alegación de vostede foi sobre algo que fixo en 2004 e non tocou nada ata agora, foi unha cacicada como facía o PP. Di que a única alegación da alcaldesa por gañar votos en 2004, e que na rúa Mercado fixo o mesmo e non consultou con ninguén. Di que non vai votar a favor de este tipo de actuacións, que

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

antes viña como pendente e agora aceptase. Pide que quede pendente ese camiño e que se estude coas escrituras.

A Sra. Alcaldesa sinala que non coñecía a eses propietarios, que asfaltouse porque pensaban que era público e de interese xeral, que tratan a toda a xente por igual.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por 8 votos a favor dos grupos PSOE, Independente-CG e concelleiro non adscrito, e 5 votos en contra dos grupos PP e BNG.**

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178